



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

TEO

Elevación a definitivo de acordo plenario de cesión de parcela a VIPUGAL para a construción de vivendas de promoción pública

ANUNCIO

O Pleno da Corporación, na sesión ordinaria do 25 de marzo de 2026, acordou aprobar inicialmente a cesión gratuíta á Sociedade de Vivenda Pública de Galicia da parcela integrada no Patrimonio Municipal do Concello de Teo que se detalla a continuación, para a construción de vivendas de promoción pública:

Descrición da finca: Finca Zona C1-B-D-A-C2-E, sita no lugar da Ramallosa, parroquia de Lucí.

Paraxe: Ramallosa

Código Postal: 15883

Superficie: 3.526,01 metros cadrados

Lindeiros:

Norte: ESTRADA AC-0205 DA RAMALLOSA A CASALONGA

Sur: FINCAS SAUR – 3

Leste HERMANOS MARTINEZ CAO E RESIDENCIAL VALLE DE RAMALLOSA, S.L.

Oeste: CAMIÑO PÚBLICO

Inscrición no Rexistro da Propiedade de Padrón ao Tomo 854, Libro 315 Folio 177 inscrición 3.

Segundo o exposto e de acordo cos artigos 110.1 f) do RBEL e 83 da LPAC, someteuse o expediente a información pública, mediante publicación de anuncio no BOP da Coruña (01/04/2026) e no taboleiro de anuncios do Concello (26/03/2026 e 01/04/2026), polo prazo de 20 días, a contar dende o seguinte ao da publicación do anuncio no BOP, a fin de que as persoas interesadas poideran presentar as alegacións que estimaran pertinentes.

O acordo estivo así mesmo a disposición das persoas interesadas no portal de transparencia (<https://teo.gal/gl>) e na sede electrónica do Concello de Teo (<https://sede.teo.gal/sxc/gl/informacion/>).

Transcorrido o prazo habilitado ao efecto, sen que se presentaran alegacións, enténdese definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional, facéndose así público no BOP.

O que se publica para xeral coñecemento.

Teo, 21 de maio de 2026

A alcaldesa

Lucía Calvo de la Uz

2026/3413